



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1605/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión ORDINARIA do 5 de xaneiro de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Administración Municipal, Sr. Villán Fuertes e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(3).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “ASISTENCIA TÉCNICA DE SOPORTE E CONTROL DO CONTRATO IMPLANTACIÓN V.E.I”. EXPTE. 10048/113.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 27/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 20/01/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de asistencia técnica de soporte do contrato de implantación V.E.I. (Vigo Edificios Intelixentes).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 12/09/2023.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/09/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 08/11/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación de 30 de outubro de 2023, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 10/11/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 18/12/2023.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023. A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 12/09/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de asistencia técnica de soporte do contrato de implantación V.E.I. (Vigo Edificios Intelixentes), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 12/09/2023.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/09/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 08/11/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación de 30 de outubro de 2023, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 10/11/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 18/12/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **72.600,00 €**, que inclúe un IVE de **12.600,00 €**, dende o 1 de xaneiro de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **2(4).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO PROGRAMA “MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS”. EXPTE. 20598/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, conformado pola concelleira da Área de Goberno, a técnica de contabilidade e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 30 de novembro de 2023, o Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, presentou por sede electrónica no rexistro xeral deste concello, escrito de declarativo de procedencia de réintegro da cantidade percibida concepto de ingreso(doc. 230386664) correspondente o expte. 14822/77 da subvención para “Contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social\_TR351F 2018/51-5” a través dos programas de cooperación dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para a convocatoira do ano 2018.

A subvención para o programa “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**” ,dentro dos programas de cooperación dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA)da Xunta de Galicia-ano 2018, foi aceptada pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, o 30 de agosto de 2018 (expte. 15629/77).

En data 07/06/2019 achegouse a xustificación fin de obra do proxecto, enviando a documentación a Xunta de Galicia, expte. 16357/77, cos datos e importes que obran na certificación final e xustificación da subvención.

En data 30/09/2022, achogouse documentación xustificativa complementaria (Exp. 19608/77), requerida, tal é como recolle o escrito da Xunta de data 19/09/2022.

Unha vez que o Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Xunta de Galicia, procedeu a revisión da documentación xustificativa e constatou que había cantidades xustificadas que non cumpría os requisitos da subvención solicitada, correspondentes a período

dos de baixa por incapacidade temporal dos traballadores contratados, determina que a entidade beneficiaria (Concello de Vigo) non xustificou a totalidade da subvención percibida, debendo proceder á devolución da diferenza resultante, tal é como recolle e especifica o escrito da Xunta do expediente TR351F 2018/51-5, de data 29/11/2023.

Comprobado, dende o servizo, a documentación obrante nos expedientes relacionados, corresponden as diferencias na contía do programa "**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**" a través dos programas de cooperación dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA).

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución Alcaldía do 19/06/23, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

1º) Realizar o réintegro por parte do Concello de Vigo a Xunta de Galicia CIF S1511001H cantidade total de **18.325,68 €** con cargo a partida orzamentaria **450506**.

2º) Ordear o pago de **18.325,68**, mediante transferencia bancaria a XUNTA GALICIA, a favor do Tesouro Público da Comunidade Autónoma de Galicia no seguinte número de conta:

ES82	2080	300	8731	1006	3172
------	------	-----	------	------	------

e facendo constar no concepto do ingreso: **Devolución voluntaria remanente subvención TR351F 2018/51-5**.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(5).- DAR CONTA DAS CANDIDATURAS Á CAMPAÑA BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS: 2024. EXPTE. 16933/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27/12/2023, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes**

1.- ADEAC "Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor", entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE "Foundation for Environmental Education", organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en tres áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NNUU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CCAA litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con doce bandeiras azuis no ano 2023 correspondentes aos doce areais do termo municipal propostos para o galardón: areais da Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas, e tres sendas azuis denominadas "Camiño a beiramar", "Entre Faros" e "Senda do Litoral e Monte de Guía".

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2024:

- Candidatura de doce areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areais de A Punta, O Adro, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de catro Sendeiros Azuis 2024 e petición dun novo sendeiro que nace da ampliación do paseo de ribeira do río Lagares: renovación sendeiro de ribeira e litoral denominado "Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)", "Senda entre Faros nas Illas Cíes", "Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis" e "Vía Verde de Vigo", e novo sendeiro "Senda da ribeira polo río Lagares".

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

## **II.- Fundamentos de dereito**

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CCAA, no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CCAA, manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

O servizo municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do mediante acordo adoptado na sesión do 22/06/2023 (BOPPO 05/07/2023), competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areas, exércese non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da Comunidade Autónoma de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvendo diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2024:

- Candidatura de doce areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areas de A Punta, O Adro, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de catro Sendeiros Azuis 2024 e petición dun novo sendeiro:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)”. Discorre: Inicia o seu percorrido no areal do Adro e finaliza no areal de Canido a través de distintas praias de gran valor paisaxístico e medioambiental.

b) Senda “Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=137&tipo=8&lang=gal>

c) Senda “Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=136&tipo=8&lang=gal>

d) Senda “Via Verde de Vigo”, que transcorre pola antiga liña de ferrocarril á cidade, cun percorrido lineal de 4,3 km, cun ancho 2 m para peóns e 2 m carril bici, onde se

pode observar a paisaxe da cidade e ría de Vigo. A fachada da antiga estación nas inmediacións ten a consideración de BIC. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=226&tipo=8&lang=gal>

e) Senda “Ribeira polo río Lagares”, que transcorre polo paseo peonil accesible e practicable en bicicleta que inicia o seu percorrido na rúa Manuel Álvarez para seguir o curso do río Lagares ata a súa desembocadura ao longo de case 12 km. Ruta ornitolóxica na que se representan as aves de cada zona ademais de atravesar bosques de ribeira ou en galería, onde dominan árbores como os alisos ou sauces. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=157&tipo=8&lang=gal>

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 16933/306 en formato dixital.

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 22/06/2023 (BOPPO 05/07/2023), esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas polo servizo de Medio Ambiente deste Concello á ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de doce areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areas de A Punta, O Adro, Carril, Santa Baía, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de catro Sendeiros Azuis 2024 e petición dun novo sendeiro:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)”. Discorre: Inicia o seu percorrido no areal do Adro e finaliza no areal de Canido a través de distintas praias de gran valor paisaxístico e medioambiental.

b) Senda “Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=137&tipo=8&lang=gal>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

c) Senda “Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=136&tipo=8&lang=gal>

d) Senda “Via Verde de Vigo”, que transcorre pola antiga liña de ferrocarril á cidade, cun percorrido lineal de 4,3 km, cun ancho 2 m para peóns e 2 m carril bici, onde se pode observar a paisaxe da cidade e ría de Vigo. A fachada da antiga estación nas inmediacións ten a consideración de BIC. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=226&tipo=8&lang=gal>

e) Senda “Ribeira polo río Lagares”, que transcorre polo paseo peonil accesible e practicable en bicicleta que inicia o seu percorrido na rúa Manuel Álvarez para seguir o curso do río Lagares ata a súa desembocadura ao longo de case 12 km. Ruta ornitolóxica na que se representan as aves de cada zona ademais de atravesar bosques de ribeira o u en galería, onde dominan árbores como os alisos ou sauces. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=157&tipo=8&lang=gal>

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(6).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE SENDA FLUVIAL POLA MARXE DEREITA DO RÍO LAGARES DESDE A ESTRADA DE MOLEDO ATA A CONEXIÓN CO CARREIRO EXISTENTE NO POLÍGONO MIRAFLORES. EXPTE. 669/403.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2023, asinado pola técnica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión e a xefa do Departamento de Desenvolvemento, conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, e sometido ao Consello da Xerencia municipal de Urbanismo en data 26/12/2023, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES E FEITOS**

I.- Compre traer a colación como antecedente do presente procedemento, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 14889/407, no que, o Xerente desta Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, resolveu con data do 04.10.2022 autorizar a contratación do servizo de redacción do proxecto de execución da senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente no polígono de Miraflores, de acordo co presuposto achegado, por un

importe máximo de catorce mil setecentos oitenta e dous euros (14.782,00€) máis tres mil cento catro euros con vinte e dous céntimos (3.104,22€) en concepto de IVE, adxudicándoa á entidade FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTO S.A.U., con CIF A48252613.

II.- Con data 23.03.2023, subscribiuse acordo de cesión de uso coa Comunidade de propietarios do polígono Miraflores-Sárdoma -Moledo, da finca da súa propiedade, dunha superficie de 25.640,00 m<sup>2</sup>, e no que nas súas estipulacións dita comunidade de propietarios cédelle ao Concello de Vigo o uso de 498,66 m<sup>2</sup>- (cesión acordada por unanimidade na Xunta xeral extraordinaria de dita comunidade celebrada con data do 13.03.2023)- e autoriza ao Concello de Vigo para a execución nesa exclusiva superficie de terreo para as obras necesarias para a senda peonil río Lagares, e autorizando ao Concello de Vigo para a súa apertura ao uso público, unha vez finalizadas as devanditas obras; Refléctese que a cesión de uso, manterá a súa vixencia dun xeito indefinido; Do dito convenio tomou coñecemento o Consello da Xerencia na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11.04.2023.

III.- Con data do 05.05.2023 a entidade adxudicataria "FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTO S.A.U." insería no rexistro electrónico desta XMU baixo o DOC. núm.230123203 e Cod.Sol.: W905069-1117, documentación técnica nomeada "Proxecto de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (polígono Miraflores, Vigo), de data xaneiro de 2023, asinada dixitalmente pola enxeñeira de camiños, canais e portos Mónica Campo Renedo e polo enxeñeiro técnico en topografía José Luis Llanos Campo.

IV.- Tralo pedimento efectuado por esta administración, con data do 07.09.2023 recibíase no rexistro electrónico desta XMU (doc. núm. 230287341) Resolución ditada polo servizo territorial de Augas de Galicia (a súa referencia DH.W36.93966), polo que, autoriza ao Concello de Vigo con NIF P3605700H as obras na senda fluvial Miraflores, que se axustará ao disposto pola Lei de augas e polo Regulamento do Dominio público hidráulico, e ao debido cumprimento das condicións xerais e particulares que na mesma se indican, así como ás medidas de protección sinaladas polo Servizo de Patrimonio Natural.

V.- Tralo estudo da documentación que íntegra o presente expediente, emitíronse os seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable á presente actuación :

\* Informe do Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU de data 14.11.2023, no que conclúe que, *"(..)Feitas as comprobacións técnicas referidas no presente informe, considérase que a documentación do proxecto é completa de acordo ao esixido no artigo 233 da LCSP e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no art, 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de Febreiro de 2014 (en diante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de Outubro".*

*Tendo en conta o anterior, informase favorablemente, para os efectos de control ordenado polo articulo 235 da citada Lei, o Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a Estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no polígono de Miraflores(..)".*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

\* Informe da arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico de data 14.11.2023, verbo da viabilidade e compatibilidade urbanística coas previsións contidas na Revisión do PXOU/1993 en tramitación, no que conclúe que:

*“(...) As obras buscan dar continuidade ao actual paseo fluvial do Río Lagares, interrompido no interior do polígono, para o que executase uns 440m.l de senda peonil en xabre e dous treitos de pasarela de madeira pola servidume do río.*

*As obras atópanse na zona de servidume e de dominio público hidráulico do río Lagares, en zona asolagable e de fluxo preferente do río, contan coa autorización de Augas de Galicia mediante resolución de data 6/09/2023 segundo doc. nº 23028734 do expte. 669/403.*

*As circunstancias urbanísticas con respecto ao planeamento vixente, Plan General de Ordenación Urbana de 1993, mantense as sinaladas no informe pola arquitecta técnica municipal en data 6/04/2016.*

*As obras previstas no proxecto son plenamente compatibles e coinciden cos obxectivos da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en tramitación. Os terreos incluídos no proxecto están clasificados como Sistema Xeral de Zonas Verdes Espazos Libres do denominado Parque-Paseo lineal do Lagares 4, Treito: Avda. de Madrid-Fonte Santa, SX EL PARQ 032. O desenvolvemento deste SX de EL realizarase mediante un PE. 501 Plan Especial de Infraestruturas e dotacións do Parque Lineal do Lagares 2º Treito. Sárdoma-Castrelos co diferentes clasificacións de solo, dende solo urbano, urbanizable e ata solo rústico de especial de protección de augas. Entre outros obxectivos deste Plan Especial, sinalanse a protección do contorno do río Lagares e a rexeneración das súas marxes, posta en valor do sistema ambiental do río, priorizando a súa conectividade e continuidade, garantido a continuidade dos percorridos peonís e avaliar a creación de novos itinerarios, transversais e lonxitudinais, procurando a integración ambiental dos bordos do solo urbano e das infraestruturas viarias de accesos, xa sexan existentes ou proxectadas(..)”.*

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- O Plan especial de rexeneración do corredor natural do río Lagares (PERCNL), aprobado definitivamente o 03 de xullo de 1997, BOP núm. 178 do 16.09.1997, corrección de erros publicada no DOG do 14 de outubro de 1997,
- Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria de data 26.08.2021 (Exp. 15313/411),
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público,
- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia,
- Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)
- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH),
- Lei 18/2021, do 28 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orden Social,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

## II.- Natureza e Obxecto do Proxecto

A natureza do presente proxecto técnico destinado á realización dunha "Senda fluvial" no río Lagares no tramo comprendido dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente (Polígono de Miraflores- Vigo),- co obxectivo de servir de conexión ente os tramos de paseo fluvial existentes na actualidade, proporcionando continuidade ao mesmo, que inclúe as obras que se describen polo miúdo no proxecto técnico achegado, e que se reflicten na autorización outorgada por Augas de Galicia con data 06.09.2023 e no informe técnico municipal suscrito con data do 14.11.2023 - , é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales e consonte ao artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en diante RLSG) tramitaranse e aprobaranse segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que se refiren tamén os artigos 30,36 ,227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun Plan de ordenación, como acontece no presente suposto.

A zona na que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), discorre por solos con distintas clasificacións- solos urbanos, solos non urbanizables e solos urbanizables non programados, e dentro do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

03.07.1997, recollido integramente no PXOU de 1993, que inclúe o ámbito de intervención deste proxecto dentro da denominada “Área de Protección” en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural “Freixas”, e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo, que tal e como se reflicte no informe do xefe de urbanización e infraestruturas de 04.09.2018 se axustan as permitidas con carácter xeral nas devanditas zonas e áreas por onde discorre a senda proxectada-.

De conformidade co informado pola arquitecta xefa do departamento urbanístico verbo da viabilidade e compatibilidade do presente proxecto coas previsións contidas na Revisión do PXOU/93, as obras previstas son plenamente compatibles e coincide cos obxectivos da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación.

En relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 14.11.2023 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ao esixido no artigo 233 da LCSP e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente.

### III.- Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD Pleno do Concello do 06.09.2010).

Por canto antecede, e de conformidade cos informe técnicos emitidos ao presente expediente con data 14.11.2023, que se incorpora ao texto da presente e lle serven de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación inicial ao «*Proxecto da senda fluvial no río Lagares, pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (Polígono de Miraflores-Vigo)*», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05.05.2023 (DOC.NÚM.: 230123203 e COD. SOL.:W905069-1117), redactada pola entidade “Fulcrum” con data xaneiro de 2023, e asinada con data do 4 de maio de 2023 con firma dixital válida, pola enxeñeira de camiños, canais e portos Mónica Campo Renedo, e o enxeñeiro técnico en topografía José Luis Llanos Campo.

SEGUNDO.: Someter ao trámite de información pública o proxecto, polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no “Diario oficial de Galicia”, no BOP de Pontevedra, e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que as persoas que poidan resultar interesadas

formulen as observacións e/ ou alegacións que consideren convenientes, en particular sobre á concepción global da actuación e á solución adoptada, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.

Terceiro.: O contido íntegro do proxecto inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no Portal de Transparencia.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento de dous oficiais de instalacións, por substitución transitoria do titular, para o servizo de Educación. Expte. 43034/220.
- .- Nomeamento de seis oficiais de instalacións, por acumulación de tarefas, para o servizo de educación. expte. 43076/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **5(7).- NOMEAMENTO DE DOUS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS, POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 43034/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

Visto o informe de fiscalización do 04/01/2024 dáse conta do informe-proposta de data 03/01/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura de Educación e coa conformidade da concellería delegada competente, se solicitan á área de recursos humanos e formación, entre outros, 2 persoas coa categoría profesional de oficial de Instalacións.

II.- Na data 23/10/2023, a concelleira delegada competente dispuxo “ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a substitución do persoal existente no servizo de educación coa categoría de oficial de instalacións que se atopa en situación de IT de longa duración.”

III.- Consta informe de inspección de persoal segundo o cal:

*“...Comprobado o programa de xestión de persoal -GINPIX-; salvo erro ou omisión, conséntase que o empregado municipal con número de persoal **82148**, persoal laboral no posto de oficial instalacións municipais permanece dende o día 06 de outubro de 2023 en situación de IT, permanecendo na mesma a data da firma da sinatura.*

*Comprobado o programa de xestión de persoal -GINPIX-; salvo erro ou omisión, conséntase que o empregado municipal con número de persoal **79640**, persoal laboral no posto de oficial instalacións municipais permanece dende o día 04 de xullo de 2023 en situación de IT, permanecendo na mesma a data da firma da sinatura...”*

IV.- Figura dilixencia de data 2/11/2023 na que se fai constar que “dada a proximidade das datas de orden de incoación dos expedientes 43034/220 e 43076/220 de nomeamentos temporais como oficiais de Instalacións para o Servizo de Educación, aos integrantes da lista de reserva, ofrecellerase a posibilidade de escoller a modalidade de nomeamento interino que prefira, entre acumulación de tarefas (seis prazas) ou substitución do titular (dúas prazas).”

V.-Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 2 persoas aceptan o nomeamento e están en condicións de ser nomeadas.

VI.- O expediente foi remitido á Intervención xeral en data 30/11/23, constando remisión do expediente á Área xestora por motivos orzamentarios en data 03/12/23.

VII.-Consta no expediente novo informe técnico de data 03/01/24 que inclúe a proposta de gasto actualizada.

VI.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### II.- Nomeamento de funcionarios interinos por substitución do titular:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a **substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario** (letra b) do citado apartado 1; contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra a) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, neste caso pola reincorporación ao seu posto de traballo do titular do mesmo, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma normal.

As persoas a substituir son as que figuran no informe de inspección de persoal referido no punto III dos antecedentes de este informe:

*- O empregado municipal con número de persoal 82148 que permanece dende o día 06 de outubro de 2023 en situación de IT.*

*O empregado municipal con número de persoal 79640, que permanece dende o día 04 de xullo de 2023 en situación de IT*

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de substitucións do titular, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais

aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de técnico/a de Xestión (código retributivo 179).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 2 persoas está en condicións de ser nomeadas por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente:

“ infórmase que o custo de iniciarse a relación a a relación a 08/01/2024 e se prolongara todo o ano 2024, agas erro ou omisión, sería o seguinte:

	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOCIAL
2024	2	54.288,81	18.051,03

O custo para 2 postos Oficial de Instalaciones cod. 300, deberá efectuar con cargo as partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa)”

### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación incorporado no expediente, consta que:

“Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de dous oficiais de instalacións por substitución do titular (art. 10.1.b) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.

Faise constar no expediente segundo dilixencia asinada pola técnica de Administración Xeral que “dada a proximidade das datas de orden de incoación dos expedientes 43034/220 e 43076/220 de nomeamentos temporais como oficiais de Instalacións para o Servizo de Educación, aos integrantes da lista de reserva, ofrecellerase a posibilidade de escoller a modalidade de nomeamento interino que prefira, entre acumulación de tarefas (seis prazas) ou substitución do titular (2 prazas)”.

De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais de instalacións, as/aos candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

Categoría: oficial de instalacións		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS

12	***8548**	I. Comesaña Fernández
15	***1762**	J.C. Barbosa Díaz

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

As/os aspirantes interesadas/os e dispoñible aceptaron expresamente os nomeamentos interinos ofertados mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### **VII.- Sometemento á fiscalización previa a preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### **VIII. - Órgano municipal competente:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

### IX.- Proposta de acordo:

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionarias/os interinas/os nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: oficial Instalacións
  - Modalidade legal: funcionario interino por substitución do titular (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):
    - *O empregado municipal con número de persoal 79640, que permanece dende o día 04 de xullo de 2023 en situación de IT .*
    - *O empregado municipal con número de persoal 82148 que permanece dende o día 06 de outubro de 2023 en situación de IT.*
  - Destino: Educación
  - Período temporal: ata a finalización da situación de IT e reincorporación ao posto do titular:
    - *Empregado municipal con número de persoal 79640, que permanece dende o día 04 de xullo de 2023 en situación de IT.*
    - *O empregado municipal con número de persoal 82148 que permanece dende o día 06 de outubro de 2023 en situación de IT.*
- \* No caso de incoarse expediente de recoñecemento de Incapacidade Permanente, o nomeamento finaliza coa resolución do INSS que finalice o expediente concedendo o recoñecemento da situación de Incapacidade Permanente ou reincorporando ao traballador.
- En todo caso ao expirar a vixencia do nomeamento, finaliza o mesmo sen ter dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).- Custe económico, segundo informe técnico:

“infórmase que o custo de iniciarse a relación a a relación a 08/01/2024 e se prolongara todo o ano 2024, agas erro ou omisión, sería o seguinte:

	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOCIAL
2024	2	54.288,81	18.051,03

O custo para 2 postos Oficial de Instalaciones cod. 300, deberá efectuar con cargo as partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa)”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 43034/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinos por substitución do titular, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

<b>Categoría: oficial de instalacións</b>		
<b>Nº</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
1	***8548**	I. Comesaña Fernández, para substituír ao <i>empregado municipal con número de persoal 79640, que permanece dende o día 04 de xullo de 2023 en situación de IT.</i>
2	***1762**	J.C. Barbosa Díaz, para substituír ao <i>empregado municipal con número de persoal 82148 que permanece dende o día 6 de outubro de 2023 en situación de IT.</i>

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo da/o efectiva/o nomeada/o desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo as/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura do Servizo de Educación, Concellería de Educación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(8).- NOMEAMENTO DE SEIS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 43076/220.**

Visto o informe de fiscalización do 04/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 03/01/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura de Educación e coa conformidade da concellería delegada competente, se solicitan á área de recursos humanos e formación, 6 persoas coa categoría profesional de oficial de Instalacións.

II.- Analizada a solicitude, en data 26/10/2023 procédese á incoación de expediente.

III.- Figura dilixencia de data 2/11/2023 na que se fai constar que “dada a proximidade das datas de orden de incoación dos expedientes 43034/220 e 43076/220 de nomeamentos temporais como oficiais de Instalacións para o Servizo de Educación, aos integrantes da lista de reserva, ofrecellerase a posibilidade de escoller a modalidade de nomeamento interino que prefira, entre acumulación de tarefas (seis prazas) ou substitución do titular (dúas prazas).”

IV.-Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 6 persoas aceptan o nomeamento e están en condicións de ser nomeadas.

V.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto.

VI.- O expediente foi remitido á Intervención xeral en data 30/11/23, constando remisión do expediente á Área xestora por motivos orzamentarios en data 30/11/23.

VII.-Consta no expediente novo informe técnico de data 03/01/24 que inclúe a proposta de gasto actualizada.

VIII.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando conorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de oficial de Instalacións por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 6 persoas están en condicións de ser nomeadas por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

### **V. - Proposta de gasto:**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

“infórmase que que o custo de iniciarse a relación a 08/01/2024 hasta 07/09/2024, agás erro ou omisión, sería o seguinte:

2024		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	Oficial instalacións Municipales	6	122.149,81	40.614,81

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 no que respecta a retribucións por importe de 122.149,81 € e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 por importe de 40.614,81 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2024 aplícase un incremento do 2%.

### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación incorporado no expediente, consta que:

- “Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de seis oficiais de instalacións por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais de instalacións, as/aos candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

Categoría: oficial de instalacións		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***1290**	V. González Cortegoso
3	***5471**	J.C. Gago Corral

4	***7047**	R. Carlos García Menduíña
6	***5679*	R. Sande Rodríguez
7	***9746**	R. Molina Jiménez
9	***7239**	F. Bastos Cabaleiro

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

As/os aspirantes interesadas/os e dispoñible aceptaron expresamente os nomeamentos interinos ofertados mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

## **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## **VIII.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 6 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: oficial de Instalacións
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Educación
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: segundo informe técnico de data 03/01/24.  
“infórmase que que o custo de iniciarse a relación a 08/01/2024 hasta 07/09/2024, agás erro ou omisión, sería o seguinte:
- 

2024

		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	Oficial instalaciones Municipales	6	122.149,81	40.614,81

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 no que respecta a retribucións por importe de 122.149,81 € e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 por importe de 40.614,81 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2024 aplicouse un incremento do 2%”.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 43076/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

**Categoría: oficial de instalacións**

Nº	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***1290**	V. González Cortegoso
2	***5471**	J.C. Gago Corral
3	***7047**	R. Carlos García Menduíña
4	***5679*	R. Sande Rodríguez
5	***9746**	R. Molina Jiménez
6	***7239**	F. Bastos Cabaleiro

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo da/o efectiva/o nomeada/o desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo as/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura do Servizo de Educación, Concellería delegada de Educación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

### **7(9).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6738/241.**

Visto o informe xurídico do 29/12/2023 e o informe de fiscalización do 04/01/2024, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 29/12/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

#### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022**, acordou adxudicar a ATELIER LIBROS, S.A.U. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo coas seguintes condicións:

- Lote 1 Asesoría Xurídica:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 2.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96,15 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

- Lote 2 Servizo de Contratación:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

2.- Os contratos formalizáronse o 7/9 de outubro de 2022 e nel se establecía unha duración de 15 meses contado a partir da última sinatura do mesmo.

3.- Con data do 19 de decembro de 2023 a técnica de Xestión da Asesoría Xurídica manifesta a súa conformidade coa prorroga do contrato. En canto ao servizo de Contratación tamén manifesta a conformidade coa prorroga.

## **II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse por esta en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Nos mesmos termos se regula a prórroga na cláusula 7.3 do PCAP que rexe esta contratación. O apartado 4 do Anexo I -FEC- contempla dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Corresponde ao responsable do contrato propoñer ao órgano de contratación as prórrogas do contrato (cláusula 1.3 do PCAP).

**Terceiro.-** Os responsables de cada un dos lotes consideran conveniente propoñer a prórroga dos 2 lotes do contrato de subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) por un período dun ano toda vez que continúa a necesidade do subministro e este foi satisfactorio durante o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1605/1102

prazo de execución, cumpríndose correctamente as condicións establecidas pola contratista.

**Cuarto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 9 de xaneiro de 2024 ao 8 de xaneiro de 2025, sendo que o prezo anual ascende a 2.500,00 euros para o lote 1 e 500,00 euros para o lote 2.

**Quinto.-** O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias segundo a seguinte distribución anual:

Lote 1	Lote 2
9200.220.0100	9206.220.0100

Ao terse iniciado o contrato o 9 de outubro do 2022 (nove días despois da data prevista no PCAP, por mor da tramitación do expediente) e dado que a prórroga proposta ten unha duración inferior ao prazo inicial do contrato (15 meses), prórroga anual (12 meses) que remataría a principios do mes de xaneiro do 2025, resulta preciso, a efectos dunha apropiada execución do contrato, redistribuír o importe das anualidades respecto do período da prórroga de xeito que se impute a totalidade do importe con cargo ás aplicacións orzamentarias do exercicio 2024 (art. 96 RLCAP):

	Importe (C/IVE) Lote 1	Importe (C/IVE) Lote 2
Ano 2024	2500€	500€

### III.- COMPETENCIA

Segundo o previsto no apartado 4 da disposición adicional 2ª da LCSP a competencia para acordar a prórroga corresponde á Xunta de Goberno local na súa calidade de órgano de contratación.

### IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao anterior, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración dos lotes 1 e 2 do vixente contrato de subministro de libros e publicacións con destino aos servizos de Asesoría Xurídica e Contratación do Concello de Vigo (6.738-241), formalizado con ATELIER LIBROS, S.A.U. polo período comprendido dende o 9 de xaneiro de 2024 ao 8 de xaneiro de 2025.

**Segundo.-** Autorizar o gasto máximo dos 2 lotes a favor de ATELIER LIBROS, S.A.U. por importe de 2.500 euros para o lote 1 e 500 euros para o lote 2 (IVE incluído); imputando o devandito gasto con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lote 1	Lote 2
9200.220.0100	9206.220.0100

**Terceiro.-** Reaxustar as anualidades, para o período comprendido entre o 9 de xaneiro de 2024 e o 8 de xaneiro de 2025, en aras dunha eficiente execución das prestacións, de xeito que se impute a totalidade do importe da prórroga ao exercicio 2024:

	Importe (C/IVE) Lote 1	Importe (C/IVE) Lote 2
Ano 2024	2500€	500€

**Cuarto.-** Notificar esta resolución á contratista, ATELIER LIBROS, S.A.U. indicando que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso calquera outro que estime procedente.

Interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **8(10).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretario dou fe.

JVF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez